

ANEXO 1: Formulario de solicitude de adhesión

Datos de contacto	
Nome	
Apelidos	
Teléfono móbil	
Teléfono fixo	
Enderezo electrónico	

Datos da empresa	
Nome comercial	
Razón social da empresa	
NIF	
Web	
Domicilio (rúa, número, piso...)	
Municipio onde está situada a sede social da empresa	
Tipo de empresa	<input type="checkbox"/> Obtención <input type="checkbox"/> Transformación <input type="checkbox"/> Comercialización
<input type="checkbox"/>	Estou baixo a figura de Venda Directa segundo o DECRETO 125/2014, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final

Tipoloxía de entidades adheridas (escolla unha opción)	
<input type="checkbox"/>	Produtos agrícolas Produtos de orixe vexetal cultivados, recollidos ou transformados dentro do territorio do Xeoparque, tales como hortalizas, froitas, verduras, legumes, cereais, cogomelos, aceites, viños, cervexa, sidras, zumes e outras bebidas (incluíndo bebidas espirituosas como augardentes ou licores), flores comestibles, especias, condimentos e plantas aromáticas.
<input type="checkbox"/>	Produtos cárnicos e de procedencia animal Produtos alimentarios obtidos ou elaborados no territorio, que inclúan carnes frescas, derivados cárnicos, embutidos, leite, queixos, outros produtos lácteos, ovos e pratos preparados.
<input type="checkbox"/>	Produtos do mar Produtos de orixe mariña e acuática obtidos ou transformados no territorio do Xeoparque, incluíndo pesca fresca, marisco, produtos da acuicultura, algas, sal mariño e conservas de peixe.
<input type="checkbox"/>	Doces, repostaría, produtos da colmea e panadaría Produtos de repostaría, confeitaría e panadaría elaborados no territorio, tales como doces e pans tradicionais, bolaría, chocolates, turróns, produtos das colmeas (mel, xeleas, pole, ceras,...) e os seus derivados, así como marmeladas e confeituras.
<input type="checkbox"/>	Servizos Servizos auxiliares directamente relacionados coa produción alimentaria local, tales como organizacións cuxa actividade esencial é a comercialización dirixida á persoa usuaria final, empresas de empacado, centros de envasado ao baleiro, servizos de etiquetaxe, almacenamento frigorífico, loxística especializada en alimentación e

		distribución grosista, laboratorios de análise e entidades de certificación, así como todos aqueles que non teñan encaixe nas anteriores tipoloxías e cuxa actividade teña unha vinculación demostrable cos obxectivos da presente marca
--	--	--

Documentación que acompaña á presente solicitude	
Documentación xeral	
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI/CIF da persoa solicitante
<input type="checkbox"/>	Copia do Rexistro Sanitario (RGSEAA)
<input type="checkbox"/>	Certificado de alta no IAE
<input type="checkbox"/>	Poder de representación (só no caso de persoa xurídica)
Documentación para Operadores de Venda Directa	
<input type="checkbox"/>	Copia da alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA)
<input type="checkbox"/>	Copia da alta na sección de explotacións agrarias acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI)
<input type="checkbox"/>	Copia da alta na Axencia Tributaria (Facenda) na epígrafe correspondente á actividade que se realice

Descrición da entidade/operador	
Localización	
Instalacións	
Proceso produtivo	

Orixe das materias primas	
Volume de produción	
Canles de comercialización	
Medidas ambientais	

Declaracións	
<input type="checkbox"/>	Declaro responsablemente que a entidade á que represento cumpre estritamente coa normativa de aplicación e se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
<input type="checkbox"/>	Comprométome a subministrar a documentación acreditativa, no caso de ser requirida, para verificar o cumprimento dos criterios avaliábeis para a adhesión ou dos obrigatorios
<input type="checkbox"/>	Declaro que as actuacións que realiza a entidade nos seus procesos produtivos son coherentes co campo de intervención 047 “Apoio a procesos de produción respectuosos co medio ambiente e eficiencia no uso de recursos nas pemes”, mediante a implantación de medidas efectivas de redución do consumo de recursos naturais (auga, enerxía, materias primas), mellora da eficiencia enerxética e/ou diminución da xeración de residuos e emisións, en liña co disposto na normativa aplicable sobre produción sostible e uso eficiente de recursos nas pemes.

Criterios habilitantes

Nº	Pregunta	Si/Non	
1	Conta cunha certificación de calidade emitida por algún ente externo? Exemplo (ISO 9000 ou Galicia Calidade)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2	Conta cunha certificación de seguridade ou benestar animal emitida por algún ente externo? Exemplo (ISO 22000, IFS Food, FSSC 22000, Welfair etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3	Pertence a unha Denominación de Orixe Protexida ou Indicación Xeográfica Protexida?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4	No caso dunha entidade agrícola, conta cunha certificación de agricultura ecolóxica?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5	Dispón dun sistema de xestión ambiental certificado (ISO 14000, EMAS...) ou de pesca sostible?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6	Está integrada a entidade en Artesanía Alimentaria de Galicia, segundo o Decreto 174/2019 polo que se regula a artesanía alimentaria?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Criterios avaliábeis

A. Vinculación territorial

Nº	Pregunta	Si/Non	
1	O 25 % do importe das materias primas utilizadas ten procedencia no Xeoparque?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2	O 50 % do importe das materias primas utilizadas ten procedencia no Xeoparque?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3	A sede social da empresa/domicilio da persoa autónoma está situada nalgún dos municipios do Xeoparque?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4	Conta con máis dun espazo ou establecemento nos municipios do Xeoparque?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

B. Calidade nos produtos e na xestión

Nº	Pregunta	Si/Non	
5	Conta con algunha actuación que permita mellorar a calidade: <ul style="list-style-type: none"> - Ten criterios mínimos de calidade para aceptar materias primas? (fichas técnicas, análises, certificados, tamaño mínimo etc.) - Están documentados os procesos vinculados á produción/elaboración e asegúrase o seu cumprimento? - Conta con indicadores internos de calidade? (reclamacións, devolucións, produtos descartados, etc.) 	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

6	Toma medidas para evitar contaminacións cruzadas? (alérxenos, materias primas, produtos ecolóxicos/convencionais, etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
7	Pode trazar un produto desde a persoa consumidora ata a materia prima? (lotes, rexistros, datas)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

C. Elaboración local

Nº	Pregunta	Si/Non	
8	Elabora produtos no Centro de Transformación Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural A Fusquenlla?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9	O operador desenvolve todo o ciclo produtivo no territorio do Xeoparque? É dicir, a produción (no caso dos transformadores) ou a recolección/cultivo (se é un axente do sector primario) ten lugar integramente nos municipios do Xeoparque.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

D. Produto de proximidade

Nº	Pregunta	Si/Non	
10	Conta cunha política documentada na que se dá prioridade a provedores locais?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
11	O 50 % do importe dos provedores corresponde á provincia da Coruña?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

E. Atributos culturais

Nº	Pregunta	Si/Non	
12	Ten definida algunha liña ou gama de produtos vinculada explicitamente a unha festa ou celebración que teña lugar dentro do Xeoparque? Ou teñen relación os seus produtos con receitas tradicionais, pratos típicos ou elaboracións asociadas a festividades ou celebracións?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
13	Utiliza algún elemento do proceso polo seu valor tradicional? É dicir, emprégase unha forma de elaboración que non é necesariamente a óptima desde un punto de vista industrial, pero garante que se elabora seguindo unha tradición ou elaboración histórica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
14	Utiliza aspectos de identidade local ou rexional (lingua, nomes populares, referencias históricas ou lendarias) ou o trasfondo cultural do produto no marketing do produto (nome, packaging, comunicación etc.)?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

F. Sostibilidade integral

Nº	Pregunta	Si/Non	
15	Comercializa o operador algunha especie antiga/ancestral e/ou autóctona ou nativa?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
16	Conta con sistemas de iluminación eficiente mediante dispositivos LED ou de alta eficiencia lumínica? Ou conta con dispositivos e equipamento con alta eficiencia enerxética?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
17	Ten contratada unha empresa de subministración enerxética cunha oferta centrada en renovables?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
18	Conta cunha xestión sostible de residuos cun plan documentado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
19	Utiliza envases biodegradables, compostables ou reciclables?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

G. Tipoloxía de emprego e antigüidade

Nº	Pregunta	Si/Non	
20	Ten unha persoa empregada no territorio, ademais da persoa titular?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
21	Ten entre 2 e 10 persoas empregadas no territorio, ademais da persoa titular?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
22	Ten máis de 10 persoas empregadas no territorio, ademais da persoa titular?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
23	Conta no cadro de persoal con algunha persoa encadrada nalgún dos colectivos con dificultades de incorporación ao mercado laboral? (xente moza con baixa cualificación, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, persoas con dificultades de inclusión social, migrantes, etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
24	É unha entidade dirixida por xente moza (menor de 30 anos) ou por mulleres?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
25	No caso de contar con máis dunha persoa traballadora, máis do 50 % do emprego é feminino?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
26	Leva a entidade máis de 10 anos operativa?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
27	Actúa como persoa autónoma ou como empresa de economía social? (cooperativas, sociedades laborais, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

H. Compromiso co Xeoparque

Nº	Pregunta	Si/Non	
28	Está a entidade disposta a participar en accións dirixidas e organizadas pola Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal? (xornadas, formación, visitas etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

En _____, a _____ de _____ de 20____

Asinado: _____